



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (18/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día dezanove de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 21 de novembro de 2025
- 2.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de novembro de 2025
- 3.- Asuntos urxentes
- 4.- Rogos e preguntas

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 21 DE NOVIEMBRE DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que teñen todos a acta que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Pregunta se queren facer algunha alegación á devandita acta ou comentar algo. Non se producen intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 21 de novembro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE NOVIEMBRE DE 2025

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de novembro de 2025, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00345/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-03 22:52:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00346/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 05-11-2025 (39/2025)	2025-11-04 14:59:00
00347/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 10/2025	2025-11-04 15:06:00
00348/2025	SOLICITUDE ANTICIPO	2025-11-05 12:10:00
00349/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-11-05 15:18:00
00350/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-05 15:18:00
00351/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-05 15:18:00
00352/2025	CONVENIO ADESTRA A TÚA SAÚDE (401E)	2025-11-07 13:32:00
00353/2025	COMISIÓN INFORMATIVA 12-11-2025 (2/2025)	2025-11-07 15:20:00
00354/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-11-10 16:03:00
00355/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN FINANCIAMENTO TÉCNICO TURISMO 2026	2025-11-11 13:35:00
00356/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN TÉCNICO DEPORTES DEPUTACIÓN 2026	2025-11-11 13:36:00
00357/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 12-11-2025 (40/2025)	2025-11-11 14:52:00
00358/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 17-11-2025 (15/2025)	2025-11-12 15:21:00
00359/2025	Contrato Menor.- SUBMINISTRACIÓN CALENDARIOS E MATERIAL DIVERSO	2025-11-12 15:21:00
00360/2025	Contrato Menor.- SUBMINISTRACIÓN ROUPA DE TRABALLO PERSOAL -SAF-	2025-11-12 15:23:00
00361/2025	ADHESIÓN FOPPSS/2026	2025-11-12 15:25:00
00362/2025	DECRETO ENVELLECIMENTO ACTIVO 2026	2025-11-12 15:25:00
00363/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-13 11:39:00
00364/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-13 11:39:00
00365/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SOCORRISMO DEPUTACIÓN 2026	2025-11-13 13:19:00
00366/2025	RELACIÓN FACTURAS 058DRRSE/2025	2025-11-13 13:27:00
00367/2025	CONCESIÓN PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-17 12:29:00
00368/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-18 10:34:00
00369/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 21-11-2025 (16/2025)	2025-11-18 15:18:00
00370/2025	Contrato Menor.- EQUIPAMENTO CIRCUITO BIOSAUDABLE REBORDELO	2025-11-19 12:47:00
00371/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-20 10:14:00
00372/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PEL CONCELLOS DEPUTACIÓN 2026	2025-11-20 10:15:00
00373/2025	CONCESIÓN PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS APOIO A MOBILIDADE	2025-11-20 10:15:00
00374/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL PENDENTE 2025	2025-11-20 12:32:00
00375/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 21-11-2025 (41/2025)	2025-11-20 14:59:00
00376/2025	APROBACIÓN DESFRUTE NOVO PERÍODO VACACIONAL OPERARIO	2025-11-21 12:02:00
00377/2025	RELACIÓN FACTURAS 060DRRSE/2025	2025-11-24 10:38:00
00378/2025	APR. CERT.OBRA C.M MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA EDIFICIOS MUNICIPAIS	2025-11-24 10:37:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00379/2025	APR. CONTA XUTS.FONDO ADICIONAL AO FCL MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA	2025-11-24 13:21:00
00380/2025	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2025-11-24 13:20:00
00381/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL AUX ADM POS +	2025-11-25 11:55:00
00382/2025	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE Obras POS+ Adicional 2b/2024	2025-11-25 11:56:00
00383/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 26-11-2025 (42/2025)	2025-11-25 13:24:00
00384/2025	MODIFICACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL POR RAZÓNS DO SERVIZO	2025-11-25 13:25:00
00385/2025	RELACIÓN FACTURAS 061XRRSE/2025 CON AD	2025-11-25 14:02:00
00386/2025	NÓMINA 11/2025	2025-11-27 11:13:00
00387/2025	Contrato Menor.- SUBMINISTRACIÓN MATERIAL DIVERSO PACTO ESTADO V.X.2025	2025-11-28 15:13:00
00388/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 11/2025	2025-11-28 15:14:00

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que teñen todos o resumo dos decretos. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha, declara que o Pleno toma coñecemento e da paso ao punto seguinte.

3.- ASUNTOS URGENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún asunto urgente. Non hai intervencións e da paso ao punto seguinte.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño. Expón que levan tres meses esperando por unha lista das obras que lles ían a pasar e pide que conste en acta que esa lista non a recibiron despois de tres meses.

Continúa, dicindo que tamén querían preguntar pola pista da Graña, de Xestoso, porque está a obra parada e a pista non se rematou de aglomerar e entón queren preguntar que é o que teñen pensado facer, se a van a rematar ou que é o que van facer con ela.

Despois lembra que... xa faláron nun pleno hai uns meses, falando do PXOM, que quere lembrar que no mes de novembro de 2005 iniciáronse os trámites para o plan xeral en Monfero e despois de vinte anos seguen esperando por el. Que o ven primordial para que isto non vaia a menos, para que se asente poboación, para que poidan vir máis empresas, para que se poidan abrir máis negocios e para todo en xeral. Que un concello sen plan xeral está abocado a morrer e entón que queríanlle preguntar ao goberno municipal que teñen pensado facer co plan de cara ao 2026 porque este ano xa non queda nada, cal é a previsión, que os informen de algo pero de lago serio a poder ser porque xa non están para máis mentiras nin para máis enganar.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións respóndelle, canto á pregunta sobre a pista da Graña do Crego, que non é que se parase a obra, que esa obra non está parada... Interrómpeo a Sra. Voceira do PP para replicarlle que agora está parada porque alí non hai máquinas nin hai nada. Insiste o Sr. Alcalde en funcións en que a obra non está parada, que no sitio de facerse toda nunha anualidade, se vai facer en dúas anualidades como contempla o Agader. Que se pode facer en dúas anualidades, que se ía facer todo nunha pero, antes de aglomerar o que falta, están intentando solucionar un problema que hai alí entre dúas casas co a auga e poñelos de acordo para entubar a auga antes de aglomerar porque consideraban que é mellor así e non aglomerar e despois ter que andar rompendo o aglomerado e que por iso se parou a obra, para intentar chegar a un acordo entre as dúas casas antes de aglomerar e despois aglomerar por enriba do entubado da auga. Que foi dúas veces e non foi posible e que van a ir agora en xaneiro outra vez. Que cumpriron a anualidade de 2025 polo importe da certificación, e agora, para o que resta da anualidade de 2026 veñen en xaneiro, polo que lle comentou a empresa, para aglomerar o que lles queda alí e máis facer a pista que lles queda en Vilachá, no Casal de Abaixo.

Canto ao listado das obras, dille que a verdade que si que ten razón, que lle dixo un día que lle dicía no pleno e contestoulle que non quería. A Sra. Voceira do PP contéstalle que eles o queren por escrito se pode ser.

E, con respecto ao tema do PXOM, respóndelle que si que é certo que comezou no 2005. Que a previsión que teñen no 2026 é chegar á fase provisional, sempre co que lle di o equipo redactor, que é quen o está elaborando. Que agora o que teñen que levar a cabo son uns trámites con Augas de Galicia. Dar de alta traídas municipais, porque en Augas de Galicia non consta ningunha traída municipal dada de alta no Concello e entón que é como se non houbera abastecemento de auga. E despois, todos os pozos que hai privados no Concello, o 95% non están dados de alta, e entón cóstanlles o 5% dados de alta privados e municipal ningunha. Que van a dar de alta a traída de Rebordelo, do Concello, Cámara Agraria e Centro de Saúde, a da piscina, a do Colexio do Xestal e tamén a de Santabaia, que lles consten polo menos tres ou catro traídas municipais, e despois nas traídas de auga privadas xa non se vai a meter o Concello. Que se non consta en Augas de Galicia nada privado dado de alta, nin municipal, como que o municipio non pode ter desenvolvemento no tema de abastecemento de auga, pero con que lles consten tres ou catro, díxéronlles que era suficiente. Que están con ese trámites.

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis. Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e pregunta en que punto está o tema da regulación das sacas de madeira. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que xa o quería traer a este pleno pero que a carga de traballo que teñen os funcionarios non lle permitiu tralo. Que moitas veces hai que dar prioridade a cousas e se se fan unhas quedan sen facer outras. Replicálle o Sr. Concelleiro do BNG que desde xuño do ano pasado xa houbo algún tempo a facelo. Contrareplícalle o Sr. Alcalde que cando comezou a elaborarse foi fai dous meses, que que máis quixera que tralo agora pero que os funcionarios teñen carga de traballo dabondo e non lle dan feito máis e teñen outras prioridades para sacar, como o tema de facturas, contratación e tal. Que esperan que cando pase todo este mes, que o mes de decembro sempre é un mes de moito traballo para o funcionariado polo tema de contratación, facturación... que espera que no de xaneiro se poida levar a cabo. Manifesta agora o Sr. Concelleiro do BNG que está lembrando que lle dixo no mes de setembro, que non foi hai dous meses, que xa hai tres. Que no mes de setembro lle dixo aquí que lle dixera antes do inverno e el díxolle que antes do inverno que non ía a ser porque o inverno comeza o 21. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que xa, que iso é o que quería pero que



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

despois moitas veces do que queres facer á realidade hai unha distancia. Intervén agora o Sr. Concelleiro do PP, D. José Mosquera Tojeiro, para dicir aínda pode ser que aínda non foi 21.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e manifesta que, antes de rematar o pleno, quería desexarlles a todos unhas felices festas rodeados da familia e un feliz aninovo 2026. Os Sres. Concelleiros respóndenlle que igualmente.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións deu as grazas aos asistentes e levantou a sesión, ás dezanove horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor